

**RESOLUCIÓN do 6 de novembro do 2023, da Comisión de selección que deberá cualificar o proceso selectivo, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso na categoría de técnico medio de persoal laboral fixo, convocado por anuncio do 20 de decembro do 2022 (DOG núm. 248 do 30-12-2022), polo que se lle da publicidade a diversos acordos.**

A Comisión, nomeada por Resolución do 5 de xuño do 2023 (D.O.G. núm. 112, do 14 de xuño) para cualificar este proceso selectivo,

#### ACORDOU

Primeiro.- De conformidade co disposto na base II.1.1.1 da convocatoria en referencia á avaliación do exercicio presentado polos aspirantes, e aos criterios de corrección aprobados en sesión do 14 de setembro do 2023, a Comisión procedeu á corrección dos exercicios coas seguintes regras:

1. Regras de puntuación:

- Cada resposta correcta equivale a una unidade de puntuación.
- Cada resposta incorrecta desconta un cuarto dunha pregunta correcta.
- As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.

2. Dado que o criterio da nota de corte expresado na convocatoria consistía en multiplicar o número de prazas (2) por 4, o tribunal tiña acordado que superarían o exercicio as persoas aspirantes que acadasen as mellores puntuacións ata completar un número de 8 persoas, sempre e cando acaden en cada un dos bloques un mínimo do 50% das respostas correctas unha vez feitos os descontos correspondentes. De non acadarse o número mínimo de aspirantes, a proporción de respostas correctas, en cada un dos bloques, rebaxaríase ao 40%.

3. Na presente corrección deuse o caso de que o número de aspirantes que superaban o exercicio co 50% das respostas correctas en cada un dos bloques non alcanzaba o nº de 8, polo que o tribunal rebaxou a porcentaxe ao previsto 40%.

4. Segundo o disposto nas bases da convocatoria, o exercicio cualificouse de 0 a 60 puntos, sendo a nota de corte trinta (30) puntos.

Segundo.- Unha vez feita a corrección dos exames, de acordo cos criterios anteriores, acadaron a puntuación mínima de 30 puntos un total de 5 aspirantes, fixándose en doce (12) respostas correctas na primeira parte e vinte oito (28) respostas correctas na segunda parte, unha vez feitos os descontos correspondentes.

**Puntuación por orde alfabético:**

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
FERNÁNDEZ FRAGUAS, AGUSTIN	43,375
GARCÍA TRILLO, FERNANDO MANUEL	35,375
ORGEIRA NAYA, JOSE ANTONIO	33,500
RODRÍGUEZ ORMAECHEA, JOSE IGNACIO	42,875
VIQUEIRA RODRÍGUEZ, GABRIEL	39,250

**Puntuación por nota:**

	<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
1	FERNÁNDEZ FRAGUAS, AGUSTIN	43,375
2	RODRÍGUEZ ORMAECHEA, JOSE IGNACIO	42,875
3	VIQUEIRA RODRÍGUEZ, GABRIEL	39,250
4	GARCÍA TRILLO, FERNANDO MANUEL	35,375
5	ORGEIRA NAYA, JOSE ANTONIO	33,500

Os demais aspirantes non acadaron o mínimo na parte 1 do exercicio (lenda \*1), na parte 2 do exercicio (lenda \*2) ou en ningunha das dúas partes do exercicio (lenda \*3)

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
<b>BARREIRO VILLAR, FRANCISCO</b>	*3
<b>FERNÁNDEZ GÓMEZ, MILAGROS</b>	*2
<b>FERREIRO CENDÁN, FRANCISCO JAVIER</b>	*3
<b>GIL MERINO, JUAN MANUEL</b>	*3
<b>VÁZQUEZ PEREIRO, LARA</b>	*3

Terceiro.- De conformidade co disposto na base III.1.2.8, acórdase publicar no portal web corporativo do IGAPE ([www.igape.gal](http://www.igape.gal)) os resultados obtidos polas persoas aspirantes, logo da publicación do seu anuncio no DOG.

Cuarto.- Atendendo á base III.1.2.8, dáse un prazo de dez (10) días hábiles aos interesados para presentar as alegacións que consideren oportunas, prazo que contarase dende o día seguinte ao da publicación no DOG do anuncio indicado no punto anterior.

Quinto.- Contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección Xeral do IGAPE nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A Presidenta da Comisión

Begoña García Maneiro